

ACTIVIDADES EDUCATIVAS

PARA O CURSO ESCOLAR





- ✓ En Xeitura deseñamos *actividades innovadoras* e eficaces que permiten achegar ó público a cultura e o patrimonio dun xeito ameno e divertido pero sen esquecer nunca os contidos teóricos e o rigor.
- ✓ En Xeitura contamos cun *equipo multidisciplinar*, apaixonado do seu traballo, que leva a cabo todo tipo de actividades educativas, didácticas, culturais, turísticas e patrimoniais. Este equipo humano está composto por profesionais de diferentes disciplinas como son a Historia, o Arte, a Arqueoloxía, a Química, o Turismo ou a Docencia, todos con ampla experiencia.
- ✓ En Xeitura contamos cunha *ampla sección de recursos materiais* dispostos a saír do noso almacén camiño ós vosos lugares para que poidades tocar, palpar, poñer e desfrutar! A través destes materiais pretendemos acercarnos e conectar cos nosos usuarios, que se emocionen e aprendan a través dunha experiencia sensorial e práctica e non só teórica.

PATRIMONIO CON XEITO! ENSINAMOS MEDIANTE A VIVENZA.

ÍNDICE ACTIVIDADES

Obradoiros

A meirande parte *poden ser realizados dentro do centro* adaptando os contidos ó grupo e o lugar onde se solicite, pondo en valor o patrimonio próximo ós participantes. O noso obradoiro de arqueoloxía pode ser realizado por todo o colexio, vive algo único!

Outros se realizan *fora do centro, en institucións* coas que traballamos como museos, arquivos, concellos, asociacións...

Teatralizadas

En Ourense, Ribadavia, Allariz de temática variada, sempre *con rigor histórico e de contidos*, as nosas personaxes contan historias pero son historia viva.

Didácticas

Actividades de media xornada, para coñecer e complementar os contidos sobre o patrimonio cultural, artístico e histórico da provincia.

Actividades de xornada completa. Organizamos a túa saída escolar, contamos con rutas propias pero podemos tamén creala vosa á medida segundo nos indiquedes.

Actividades especiais

Rutas de temática específica, literarias, cine, para bebés, obradoiros de ciencia...

ACTIVIDADES EN RIBADAVIA

TÍTULO	TEMÁTICA/ DESCRICIÓN ACTIVIDADE	DIRIXIDO A:	DURACIÓN APROX.	CUSTE/ GRUPO*
VISITA XERAL EXPOSICIÓNS DO MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA	Acompañados dun educador patrimonial, achegarémonos a cada unha das salas expositivas, tanto permanentes como temporais, comentando nelas parte da historia que se agocha en cada unha das pezas que se nos mostran.	Tódolos públicos	1h	De balde
O ROMÁNICO DO RIBEIRO	Ruta interpretativa para achegar aos escolares ao arte prerrománico e románico. Coñecer e aprender sobre a forma de construción e as diferentes características decorativas que se dan nesta corrente artística. Inclúe Santo Tomé de Serantes, San Xes de Francelos e as igrexas románicas de Ribadavia .	Secundaria // Bacharelato	3h	Consultar condicións coa empresa
VISITA GUIADA A RIBADAVÍA		Tódolos públicos	2h	
ACTIVIDADES TEATRALIZADAS				
MANUELA E CARMIÑA DÚAS MULLERES CON HISTORIA	Camiña, ama de cría, e Manuela, chica do servicio, nos contarán como é a vida das mulleres rurais na Galicia do século XIX, valéndose para elo das exposicións do Museo Etnolóxico de Ribadavia	Infantil e 1º ciclo de primaria	1 h	Consultar condicións coa empresa
		2º e 3º ciclo de Primaria Secundaria	1 h	
CON OUTROS OLLOS	Don Teófilo, dono do pazo (actual museo), nos fala da súa paixón: a fotografía. Como cas fotos se pode coñecer e ver a sociedade galega con outros ollos. Nelas se reflexa o sentir e a vida cotiá dos galegos, Manuela e Carmiña o acompañan no percorrido dando a coñecer a vida oculta das mulleres de Galicia no século XIX.	2º e 3º ciclo de Primaria Secundaria	1 h	
O MUSEO SAE A RÚA	Nunha visita pola vila de Ribadavia nos atoparemos personaxes que nos falarán da cultura e da historia dos que moraron na vila nas súas diferentes etapas históricas, son pantasma do pasado.	2º e 3º ciclo de Primaria Secundaria	1h 30 min.	

VISITA TEATRALIZADA MUSEO ETNOLÓXIO RIBADAVIA



OBRADOIROS				
TEMÁTICA	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADE	DIRIXIDO A:	DURACIÓN APROX.	CUSTE/ GRUPO
DO TECIDO	Este obradoiro achegaranos as técnicas de produción de tecidos como o liño ou a lá. Para iso coñecerán os procesos de obtención das materias en bruto e as técnicas para convertelas en vestimenta a través do emprego das fusíloas, das parafusas e do urdido de fíos no tear...	Infantil e 1º ciclo de primaria	45 min	Consultar condicións coa empresa
		2º e 3º ciclo de Primaria Secundaria	1h	
DO VIÑO	O obradoiro achegará ao público ao mundo da vitivinicultura para por en valor o traballo de viticultores o longo da historia, falaremos de oficios e útiles de traballo relacionados con este mundo, algúns de eles xa desaparecidos.	2º e 3º ciclo de Primaria Secundaria	1h	
DE CERÁMICA	Con este obradoiro queremos achegar ao público as técnicas de produción de pezas de olería nas diferentes épocas históricas, comprender e por en valor a labor levada a cabo por oleiros e artesáns. Para iso coñecerán os procesos de preparación dos materiais e técnicas de execución a través da experiencia práctica .	2º e 3º ciclo de Primaria Secundaria	1h 30 min	
ROMANIQUEANDO	Con este obradoiro achegaremos ao público ao prerrománico e románico, tan abondoso na nosa provincia, centrándonos principalmente na comprensión do simboloxía dos canzorros e o bestiario medieval.	2º e 3º ciclo de Primaria Secundaria	1h 30 min	
DE CESTERÍA	Con este obradoiro queremos achegar ao público as técnicas de produción de cestería. Para iso coñecerán a recolleita dos materiais, os procesos de preparación e as técnicas para a construción dun cesto .	2º e 3º ciclo de Primaria Secundaria	1h 30 min	



O PAN



BEBEARTE (ARTE PARA BEBES)



A ESCRITURA



OBRA DOIRO DE ARQUEOLOXÍA



ATIVIDADES EN OURENSE

TÍTULO	TEMÁTICA/ DESCRICIÓN ACTIVIDADE	DIRIXIDO A:	DURACIÓN APROX.	CUSTE/ GRUPO
UNHA CIDADE CON VIDA	Visita acompañados con un guía intérprete que descubrirá aos escolares como foi cambiando e medrando a cidade de Ourense ao longo da historia e as pegadas que deixaron eses cambios na cidade. Diferentes itinerarios segundo dispoñibilidade de tempo do grupo e idade do mesmo.	Todos os públicos	consultar condicións coa empresa	Consultar condicións coa empresa
CASTRO DE SANTOMÉ	Visita ó xacemento arqueolóxico-natural da man dun arqueólogo e/ou historiador.		2h	
ORIXES DE OURENSE	Ruta interpretativa a pé na que acompañados dun arqueólogo se visitará o castro de Santomé, a ponte romana e as Burgas. De tal xeito que posibilite visualizar o pasado prerromano e romano da cidade de Ourense o tempo que se fomentan condutas de vida saudable.	Secundaria //Bacharelato	4h	
CARLOS CASARES	Roteiro interpretativo polas localizacións relevantes na súa vida e obra na cidade de Ourense. Recunchos da urbe onde, a través dunhas placas informativas, se contan episodios relativos á vida do escritor.	Secundaria //Bacharelato	1 h 30 min	
VISITAS TEATRALIZADAS				
OS SEGREDOS DOS FRANCISCANOS	Actividade que se realiza no Arquivo Histórico Provincial De Ourense. Percorrido dinámico e divertido por lugares emblemáticos da historia dos franciscanos. PREVIA RESERVA horario: martes a venres de 11:00 a 12:30	Todos os públicos	1 h 30 min	De balde
MULLERES CON HISTORIA	Percorrido a través da vida de diferentes mulleres importantes na cidade de Ourense, polo casco histórico, lugares e acontecementos relevantes na vella Auria.	Secundaria // Bacharelato	1 h	Consultar condicións coa empresa

OBRADOIROS				
TEMÁTICA	DESCRICIÓN ACTIVIDADE	DIRIXIDO A:	DURACIÓN APROX.	CUSTE/ GRUPO
A ESCRITURA	Coiñecer como foi a evolución da escritura e dos soportes que o ser humano foi empregando. Nos centraremos na escritura medieval, que empregaban, como o facían e o mellor e practicalo.	Primaria e secundaria	1h 30 min.	Consultar condicións coa empresa



ATIVIDADES EN ALLARIZ

TÍTULO	TEMÁTICA/ DESCRICIÓN ACTIVIDADE	DIRIXIDO A:	DURACIÓN APROX.	CUSTE/ GRUPO*
RUTA SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS	Ruta interpretativa de carácter cultural na que se descubre o pasado histórico de esta zona dende a Idade do Ferro a Idade media pois inclúe, o conxunto arqueolóxico e monumental do castro de Armea e a basílica de Santa Mariña de Augas Santas.	Tódolos públicos	2h	Consultar condicións coa empresa
ALLARIZ EXPRESS	Ruta interpretativa en bicicleta (aluguer da bicicleta incluído). Descubre en pouco tempo os encantos e recunchos que se ocultan na vila de Allariz		consultar condicións coa empresa	
O ROMÁNICO DO ARNOIA	Unha ruta interpretativa dunha xornada de duración que incluría Santa Eufemia de Ambía, Colexiata de Santa Mª a Real de Xunqueira de Ambía, Igrexa de Santa Mariña de Augas Santas e as igrexas románicas de Allariz.	Secundaria Bacharelato	consultar condicións coa empresa	
TEATRALIZADAS				
O CONTO DA SANTA	Ruta teatralizada que dunha forma dinámica e didáctica nos fará percorrer a historia dende a Idade do Ferro ata a idade media pois inclúe, o conxunto arqueolóxico e monumental do castro de Armea. O mesmo tempo que fomenta uns valores ambientais e de vida saudable.	Infantil e primaria	1 h 30 min	Consultar condicións coa empresa

OBRADOIROS				
TEMA	DESCRICIÓN ACTIVIDADE	DIRIXIDO A:	DURACIÓN APROX.	CUSTE/ GRUPO
ARQUEOLOXÍA	Permite adquirir unha grande comprensión do método científico aplicado en Arqueoloxía, reforzado pola súa posta en práctica e empregando obxectos (réplicas) que tradicionalmente só poden ser vistos a través dun cristal.	Tódolos públicos escolares	Consultar coa empresa	
ROMANIQUEANDO	Con este obradoiro achegaremos ao público ao prerrománico e románico tan abondoso na nosa provincia centrándonos principalmente na comprensión do simboloxía dos canzorros, o bestiario medieval.		1h	Consultar condicións coa empresa
VIDREIRAS GÓTICAS	Obradoiro para por en valor a labor dos artesáns e canteiros que traballaron nas igrexas. O alumnado creará a súa propia vidreira seguindo as súas propias pautas, gustos e/ou preferencias.	Tódolos públicos escolares	1h	
XOGOS TABOLEIRO MEDIEVAIS	Obradoiro nos que descubriremos como se entretiñan e a que xogaban os nen@s e non tan nen@s na idade media e como esa pegada quedou no legado artístico.	Tódolos públicos escolares	1h	



XINZO // VERÍN // BANDE

TÍTULO	TEMÁTICA/ DESCRICIÓN ACTIVIDADE	DIRIXIDO A:	DURACIÓN APROX.	CUSTE/ GRUPO*
CASTRO DA SACEDA	Ruta arqueolóxica a un xacemento con gran valor monumental polas estruturas, ademais de ser aquel que proporcionou unha cronoloxía máis antiga de entre as estudadas ata agora na zona. A súa ocupación abarca desde o s. IV a. C. ata o I d. C, momento no que foi abandonado pola súa poboación, que se trasladaría ao castro veciño da Cidá de San Millao o cal tamén se podería visitar	2º e 3º ciclo de Primaria Secundaria e Bacharelato	2h	Consultar condicións coa empresa

OBRADOIROS				
TEMA	DESCRICIÓN ACTIVIDADE	DIRIXIDO A:	DURACIÓN APROX.	CUSTE/ GRUPO
DA CERÁMICA CASTREXA (CASTO DE SACEDA)	Con este obradoiro queremos achegar ao público as técnicas de produción de pezas de olería nas diferentes épocas históricas e comprender e por en valor a labor levada a cabo por oleiros e artesáns. Para iso coñecerán os procesos de preparación dos materiais e técnicas de execución a través da experiencia práctica	Tódolos públicos	1h 30 min	Consultar condicións coa empresa
DE PAN (CUALIEDRO)	Obradoiro que nos achegará a un alimento tan básico como o pan, diferentes cereais ou froitos se empregaron na elaboración deste produto ó longo do tempo.	Tódolos públicos	1h 30 min	
CAMPAMENTO MILITAR ROMANO DE AQUIS QUERQUENNIS	A min a lexión! Obradoiro para converterse en lexionario romano. A selección é moi rigorosa e o adestramento moi duro, marchas, formacións, manexo de armas, pero tamén había momentos de diversión e descanso. E se vos convertedes en lexionarios? E se sentimos o peso do seu equipo? E se xogamos e apostamos a nosa ración de pan? . Vía nova romana: Aquis Querquennis, probablemente se construíu para control da Vía XVIII ou Vía Nova. Os campamentos se encargaban de construír e manter a rede viaria do Imperio Romano, e para comprender a labor dos enxeñeiros realizaremos unha pequena maqueta da vía romana e non nos esqueceremos dos miliarios, sempre moi útiles e necesarios para non perderse.	2º e 3º ciclo de Primaria Secundaria	1h 1h	
DO TECIDO (MUSEO DA LIMIA)	Este obradoiro vains achegar as técnicas de produción de tecidos como o liño ou a la. Para iso coñecerán os procesos obtención das materias en bruto e técnicas para convertelas en vestimenta a través do emprego das fusíloas, das parafusas e do urdido de fíos no tear...	Tódolos públicos	1h 30 min	

Talleres didácticos

Os obradoiros terán como soporte o material didáctico elaborado por Xeitura S. Coop. Gal., deseñado por historiadores, arqueólogos e especialistas en educación patrimonial. A súa organización constará de dúas partes:

- Achegamento ao marco teórico-conceptual

Introdución teórica con material gráfico para introducir aos participantes no contexto temático relacionado coa actividade.

- Experiencia práctica

Realización dunha actividade manual ou experimentación científica que reforza os contidos teóricos



Como chegar?



WWW.fundacionaquivanova.com
988 444 401 @aquae@telefonica.net



Que é a lexión? ...e un lexionario? Formacións, avances, salarios...

Onde viviron? Por qué constrúen o campamento?

Seremos lexionarios por un día!

Datos	Previa Reserva		
Dirixido	Primaria (6 a 11 anos) Secundaria (12 a 16 anos)		
tempo	60 min.		
Nº de pax.	Min.	***	1 educador/ grupo escolar
	Máx.	25 Pax.	
Localiz.	Centro de Interpretación Aquis Querquennis.		

Taller 1: A min a lexión



Por que chegan os romanos a estas terras? Vías e miliarios romanos... que son?

A VIA NOVA ROMANA, cal é a súa importancia?

...para construír a nosa propia vía romana cos seus miliarios para non perdermos!


Seremos enxeñeiros por un día!

Datos	Previa Reserva		
Dirixido	Primaria (6 a 11 anos) Secundaria (12 a 16 anos)		
tempo	60 min.		
Nº de pax.	Min.	***	1 educador/ grupo escolar
	Máx.	25 Pax.	
Localiz.	Centro de Interpretación Aquis Querquennis.		

Taller 2: Via Nova Romana

Actividades especiais

TITULO	TEMÁTICA/ DESCRICIÓN ACTIVIDADE	DIRIXIDO A:	DURACIÓN APROX.	CUSTE/ GRUPO*
DIFUSIÓN DO GRAO EN HISTORIA	Dirixido para coñecer as saídas profesionais do grao de Historia	4º ESO e Bacharelato	60 min	De balde
RUTA DE CINE	Ruta polas localizacións da gravacións da Lingua das bolboretas	Consultar condicións coa empresa		Consultar condicións coa empresa
DESCUBRO E APRENDO	Obradoiro para bebés	Nen@s de 8 meses a 2 anos	45 min	
CON CIENCIA	Obradoiro de física e química	Infantil e primaria	90 min	
NATURALMENTE	Obradoiro na natureza e de natureza	Todos os públicos		
EXPRESARTE	Obradoiro de Arte	Todos os públicos	90 min	





Algúns dos nosos clientes son:

- Xunta de Galicia.
- Deputación de Ourense.
- Museo Arqueolóxico provincial de Ourense.
- Museo Etnolóxico de Ribadavia.
- Arquivo Histórico provincial de Ourense.
- Biblioteca Pública de Ourense e Coruña.
- Concellos de Allariz, Monterrei, Baño de Molgas, Ourense, Bande, Ribadavia, Celanova ...
- Universidade de Vigo.
- Facultade de Historia de Ourense.
- Centros educativos de Galicia.
- Fundación Sta. María la Real.
- Fundación Aquae Querquennae Via Nova
- Asociación de Amigos del Arte Altomedieval español.
- Axencias de viaxes ...

NOTA IMPORTANTE / CONDICIÓN

- ✓ *Os prezos que constan son para grupos de entre 20- 30 participantes, se o seu grupo e mais numeroso consulte coa empresa e lle faremos un orzamento personalizado as súas necesidades.*
- ✓ *Os prezos inclúen IVA e o material no caso dos obradoiros.*
- ✓ *Algunhas das actividades e obradoiros poden ser realizados nos centros escolares ou nos lugares que se indican no dossier.*
- ✓ *Se o centro escolar se atopa *fora da zona urbana de Ourense se cobrará o desprazamento* e así se faría constar no orzamento.*
- ✓ *Podemos xestionarlle o desprazamento.*
- ✓ *Cada actividade está *adaptada ao nivel educativo* ao que se adscribe. Os contidos que empregamos son os impartidos durante o curso lectivo ou complementarios dos mesmos para así afianzalos.*
- ✓ *Intentamos que todas as nosas actividades sexan *inclusivas*.*
- ✓ *Tódalas actividades están deseñadas para centros educativos pero se poden realizar con *grupos particulares con un mínimo de 20 participantes*.*
- ✓ *Nas experiencias de *SOPANEN@S de Xeitura se unen diversión, ensino e cultura*.*
- ✓ *Se a actividade/obradoiro, visita ou viaxe que busca non está a deseñaremos, só tes que contactar con nos. *Gústannos os retos!**

Para consulta, reserva ou suxestión, non dubidades en contactar connosco!

